

Bo día:

Somos o Ceip Emilia Pardo Bazán, colexio público situado no Camiño do Chouzo, 7. No barrio das Travesas entre a Praza de Eugenio Fadrique e a Praza de América.

O noso horario é de 9.00 a 14.00h en xornada continua.

Dispoñemos de 44 prazas para 4º de Educación Infantil, se é para outro curso dependendo do nivel, habería algunha praza libre. Non imos facer xornadas de portas abertas de forma presencial, fixemos un video para colgar na web e no blog para que poidades ver as instalacións, os principios educativos que rexen a nosa práctica educativa, e o tipo de actividades que ofertamos. Pincha aquí <https://youtu.be/h-60T5h4BDI>

Contamos cunhas **instalacións privilexiadas** en pleno centro de Vigo:

- Patios cubertos para todos os niveis, un ximnasio, unha pista de futbito, unha pista de baloncesto cuberta, un campo de herba, dous patios para educación infantil, dúas bibliotecas, dúas aulas de inglés, unha de plástica, aula de psicomotricidade para educación infantil, aula de música, dúas aulas de informática, comedor e un salón multiusos.

Os **servizos extraescolares e complementarios cos que contamos**:

- Dispoñemos de **comedor da Xunta** na modalidade de xestión indirecta (non temos cociña propia, as comidas as elabora unha empresa de catering e as trae ao colexio), o que se paga depende da renda, e pode ser 0€, 1€, 2,5€ ou 4,5€. E temos prazas libres.

- En canto ás **actividades extraescolares**, as organiza o ANPA, e, agás este curso que non se puideron facer pola pandemia, abranguen todo un abanico de posibilidades: predeporte, deportes como patinaxe, ximnasia rítmica, futbito, baloncesto, iudo, taekwondo, pintura, informática, robótica, festas temáticas...

- Contamos cun **Taller de xogos** en horario matinal de 7.45h a 9.00h e ao mediodía para o alumnado que non come no comedor e non pode ser recollido ás 14.00h. Se quere máis información pode visitar a nosa páxina web, o noso blog e o do ANPA.

Convocaremos unha reunión por CISCO WEBEX, despois de colgar a información, para resolver as posibles dúbidas que poidan xurdir.

Lembrámoslle **que o prazo de matrícula para o curso 2021-22 é do 1 ao 20 de marzo.**

Para contactar con nós:

TELÉFONO: 886120078 CORREO: ceip.emilia.pardo@edu.xunta.gal

PÁXINA WEB: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardo/>

Se nós facilita o seu teléfono ou correo electrónico poñerémonos en contacto con vostede.

Un saúdo.
A dirección